CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 25 DE OUTUBRO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de outubro de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular:
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
Miguel A. Naveira Campelo

Grupo municipal Veciños de Bergondo:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:
D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Así mesmo asisten:
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

1.- MODIFICACIÓN, DE ACORDO CO IPC, DA **ORDENANZA FISCAL NÚM. 13** REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, POLA ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO E Á REDE XERAL DE SANEAMENTO, ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

2.- MODIFICACIÓN DO **ORZAMENTO 2010**. SUPLEMENTO DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

1.- MODIFICACIÓN, DE ACORDO CO IPC, DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 13 REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, POLA ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECEMENTO E Á REDE XERAL DE SANEAMENTO, ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

"Unha vez que foi vista a necesidade de dar cumprimento ó artigo 6º.D da Ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, é preciso tramita-lo expediente de modificación da citada ordenanza para aplica-los incremento correspondente ó IPC interanual do mes de setembro de 2009, tendo en conta que a última modificación realizada foi co IPC interanual do mes de setembro de 2008, así como o incremento soportado pola concesionaria AQUAGEST, S.A., como consecuencia do custo da compra de auga a EMALCSA, tal e como solicita e xustifica nun escrito presentado neste Concello con data 15 de outubro de 2010 (nº rexistro entrada 8036), para solicitar a actualización das tarifas dos servizos de abastecemento e saneamento de Bergondo, con efecto no primeiro periodo de facturación de 2011.

Polo anteriormente exposto, proponse ó Pleno da corporación que despois do exame da documentación que obra no expediente, adopte o seguinte acordo:

***1º.-** Aprobar <u>provisionalmente</u> có quórum da maioría simple legal, a modificación da **Ordenanza fiscal n.º 13 reguladora da taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais**, incrementadas como consecuencia do incremento do custo da compra de auga a EMALCSA, por enriba do IPC, así como coa aplicación do IPC interanual de setembro de 2009, e practicado o posterior redondeo a dous dígitos, cuxo texto modificado queda como segue:*

"Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota tributaria referida á presente taxa é a seguinte:

***A.-** Servizo de subministración de auga potable.*

***A.1.-** Subministración doméstica*

***a)** Cota de mantemento do servizo - 11,96 euros*

***b)** Cota de consumo:*

- *Mínimo: 30m3 ---------- 0,29 euros/m3*
- *31 m3 ata 60 m3---------- 0,50 "*
- *61 m3 en adiante---------- 0,66 "*

***A.2.-** Subministración Industrial:*

***a)** Cota de mantemento do servizo- 11,96 euros*

***b)** Cota de consumo:*

- *mínimo: 75 m3.---------- 0,45 euros/m3*
- *76 m3 ata 100 m3 ---------- 0,67 "*
- *101 m3 en adiante --------- 0,97 "*

***A.3.-** Subministración a comunidades de abastecemento de auga preexistentes á posta en funcionamento do servizo municipal da auga.*

***a)** Cota de mantemento do servizo- 11,96 euros*

b) *Cota de consumo:*

Custo do m3 de auga facturado por EMALCSA + 0,06 euros/m3

B.- *Realización das acometidas (no suposto de licenza ou autorización para a acometida á rede de abastecemento ou á de saneamento coincidirá exactamente co importe do presuposto material da obra, presupostado pola empresa concesionaria dos servizos e aprobado polo órgano municipal competente).*

1.- Acometidas á rede xeral de abastecemento:

O material empregado na súa realización será polietileno reticulado, apto para o uso alimentario, e cunha presión nominal de traballo de 10 atmósferas. Tódalas acometidas levarán como mínimo, unha chave de toma na beirarrúa, co seu correspondente rexistro e arqueta, que non poderá ser manipulada polo abonado, e outra chave situada inmediatamente antes do contador.

Os diámetros das acometidas, serán os seguintes: 3/4", 1", 1 1/4", 1 1/2" e 2", e determinaranse polo servizo, en función do tipo e número de subministracións que deberán de servirse da mesma.

No caso de ter que realizar, unha cometida de diámetro superior a 2", terá que facerse un presuposto, exclusivo para esa acometida, e non estará suxeito a esta tarifa.

Só se realizará unha única acometida por cada edificio, ou vivenda unifamiliar, debendo ser distribuída a auga, desde esta, mediante a correspondente batería de contadores, que deberá ter capacidade para cada unha das vivendas do edificio, ademais de, para cada 50 m2 de baixo, tal como indica a Orde do 9 de decembro de 1975 do Ministerio de Industria. Tendo en conta ademais, que no caso de vivendas da baixo e planta, será necesario poñer dous contadores, sempre que o baixo sexa usado como vivenda independente do piso, ou se realice calquera tipo de actividade industrial, aínda que ámbolos dous (baixo e piso), sexan do mesmo propietario.

No caso de non existir rede xeral de distribución no frente do domicilio solicitante, terá que ser feita unha extensión da rede xeral de distribución, ata acadar o domicilio de subministración. Dita extensión da rede de distribución non estará suxeita a esta tarifa, debendo ser reflectida esta circunstancia na solicitude do peticionario, co obxecto de realizar o presuposto da ampliación correspondente, condicionando a aprobación da solicitude á realización da extensión da rede xeral.

2.- Acometidas á rede xeral de saneamento:

O material empregado, na súa realización, será PVC, reforzado para 4 atm., apto para sistemas de evacuación. Tódalas acometidas (si é posible), irán, desde unha arqueta de inspección e limpeza, situada na beirarrúa, ó pé da propiedade do usuario, ata un pozo de rexistro da rede xeral, e non poderán ser acometidas directamente a esta, co obxecto de non debilitala, e non dar lugar a ningún tipo de posible fuga contaminante, no seu entronque.

Os diámetros das acometidas serán de 160 e 200 mm, e determinaranse, polo servizo, en función do tipo e número de usuarios que deberán de servirse da mesma.

No caso de ter que realizar, unha cometida, de diámetro superior a 200 mm, terá que ser feito un presuposto, exclusivo para esa acometida, e non estará suxeito a esta tarifa.

A arqueta de inspección e limpeza, será cadrada, de 40 x 40 cm, e servirá ademais, para que o usuario, acometa a toma da súa vivenda.

Só se realizará, unha única acometida por cada edificio, portal, ou vivenda unifamiliar, debendo ser canalizadas interiormente as distintas baixantes de augas fecais, hacia unha toma común, tendo en conta ademais, que no caso de vivendas unifamiliares, compostas de baixo e planta, consideraranse dous abonados sempre que o baixo sexa usado como vivenda

independente do piso, ou se realice, calquera actividade industrial, aínda que ámbolos dous (baixo e piso), sexan do mesmo propietario.
Non se poderán canalizar hacia a rede de saneamento, as baixantes de augas pluviais, reboses de pozos, manantiais ou calquera outro tipo de augas que non sexan de carácter residual doméstico.
Os talleres ou industrias, que empreguen no seu cometido, calquera tipo de hidrocarburos, ou substancias consideradas altamente contaminantes, deberán de ter, de acordo coa normativa vixente, o seu correspondente tanque separador de aceites e grasas, ou sistema de depuración previa, estando totalmente prohibido, realizar ningún tipo de vertidos directos á rede de saneamento de calquera destes productos.
No caso de existir, na vivenda onde se vai a realizar unha acometida de saneamento, unha fosa séptica, esta, como posible foco de contaminación, deberá de ser clausurada, de acordo coa normativa sanitaria vixente, non podéndose realizar ningún vertido, á rede xeral, a través dela, e debendo por tanto, a acometida ser independente da mesma.

B.1.- *Á rede xeral de abastecemento:*

	Diámetro da acometida				
	3/4"	*1"*	*1 1/4"*	*1 1/2"*	*2"*
Mínimo (4m):	*352,41 euros*	*384,21 euros*	*431,32 euros*	*469,50 euros*	*582,71 euros*
Por m engadido:	*69,98 euros*	*73,80 euros*	*75,07 euros*	*76,32 euros*	*87,80 euros*

B.2.- *Á rede xeral de saneamento:*

	Diámetro da acometida	
	160 mm	*200 mm*
Mínimo (4m):	*374,05 euros*	*398,23 euros*
Por m engadido:	*76,32 euros*	*82,70 euros*

B.3.- *Dereitos de enganche ---------- 76,32 euros*

C.- *Prestación do servizo da rede de saneamento e de depuración de augas residuais:*

C.1.-*Servizo de saneamento:*

C.1.a. *Saneamento doméstico:*

- *Mínimo 30 m3. ---------- 0,13 euros/m3*
- *31 m3.en adiante ---------- 0,13 euros/m3*

C.1.b. *Saneamento industrial:*

- *Mínimo 75 m3. ---------- 0,13 euros/m3*
- *76 m3.en adiante ---------- 0,13 euros/m3*

C.2.- *Servizo de depuración:*

C.2.a. *Polígono Industrial:*

- *Cuota de servizo ---------- 76,32 euros*
- *Mínimo 50 m3. ---------- 0,65 euros/m3*
- *51 m3 ata 500m3---------- 0,76 euros/m3*
- *501 m3.en adiante ---------- 0,95 euros/m3"*

D.- *Aplicación do IVE*

As contías do presente artigo incrementaranse co IVE vixente no momento da realización da acometida ou o que sexa de aplicación á prestación dos demais servizos.
Os prezos das presentes tarifas incrementaranse tódolos anos, con data 1 de xaneiro, de acordo co IPC resultante do ano anterior.

2º.- *Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á*

publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.
3º.- *As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderáse definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.*
O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.
Bergondo, 15 de outubro de 2010=A Alcaldesa =Alejandra Pérez Máquez"

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: increméntanse as cantidades referidas na Ordenanza co IPC, tal como se di na proposta, e que no mes do setembro foi do dous con un.
O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández manifesta: temos pendente de aprobar a taxa de saneamento, entón estamos nunha situación un pouco complicada, porque hai veciños que teñen saneamento real, hai outros que non o teñen pero as obras de saneamento fixéronse; entón, se se lle impón a taxa real do custo ós que realmente teñen saneamento, sería moi elevada; podería calcularse o número real dos que teñen a instalación de saneamento, e aplicarlla solo a quen realmente a usa.
Sra. alcaldesa: refírese vostede ó número potencial de usuarios que podería haber. O ano pasado cando falamos de facer unha reforma integral da Ordenanza, os custos viñan a ser do dobre do que se esta reflectindo, é dicir, era tanto o custo de saneamento como o de abastecemento de auga, duplicabamos a factura. Dado que aínda estaba en proceso, e segue, a Lei de Augas decidiuse seguir incrementando o IPC, porque esa cantidade era moi elevada, xa que eran poucos veciños a pagar un custo alto; de feito o concello esta asumindo un custo de douscentos mil euros en depuradora, cando iso se ten que repercutir ós veciños, que son os usuarios.
Vostede propón facer un estudo mas amplo, naquel momento xa estabamos tendo un abanico moi amplo de poboación, porque non eran soamente os usuarios que estaban conectados, senón ós que se irían incrementando cada ano.
Nalgún momento, haxa ou non Lei de Augas, este concello ten que aprobar esa Ordenanza e se fará da forma mais xusta.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal, por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

2.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2010. SUPLEMENTO DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
"Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2010, no que se inclúe ***un suplemento de crédito,*** *por un importe de 464.000,00 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó Capítulo II correspondente a gastos de Bens correntes e de Servizos, ó Capítulo IV correspondente a Transferencias correntes e ó Capítulo VI correspondente a gastos de inversión, e xustificada a urxencia das citadas modificacións na Memoria da Alcaldía de data 14 de outubro de 2010 que consta no presente expediente, e previo Informe da Intervención Municipal de data 15 de outubro de 2010, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por partidas orzamentarias xunto coa súa financiación.*
En consecuencia, proponse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás partidas que se detallan a continuación e polo importe reflectido:*

Capítulo II: Gastos en Bens Correntes e de Servizos.

Aplicación orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación antes da modificación***	***Incremento***	***Consignación Definitiva***
150/212.00	Reparacións edificios, construccións. Urbanismo	9.000,00	10.000,00	19.000,00
150/227.06	Estudos e traballos técnicos	60.000,00	30.000,00	90.000,00
165/221.00	Alumeado público	120.000,00	120.000,00	240.000,00
233/227.12	Asistencia a persoas dependentes	220.000,00	30.000,00	250.000,00
320/220.01	Libros educación	4.000,00	3.000,00	7.000,00
320/226.14	Educación. Apertura de centros	20.000,00	5.000,00	25.000,00
331/226.09	Outros gastos cultura	80.000,00	10.000,00	90.000,00
450/213.00	Maquinaria, instalac. e utill.	8.000,00	5.000,00	13.000,00
450/214.00	Elementos transporte	13.000,00	20.000,00	33.000,00
920/212.00	Reparacións edifcios admón. xeral	2.000,00	10.000,00	12.000,00
920/221.00	Enerxía eléctrica admón. xeral	70.000,00	80.000,00	150.000,00
920/221.10	Produtos limpeza e aseo	3.000,00	5.000,00	8.000,00
920/222.00	Servizos telecomunicacións	18.000,00	5.000,00	23.000,00
920/227.00	Traballos realizados outras empresas. Limpeza e aseo	88.000,00	40.000,00	128.000,00
	CAPÍTULO II: TOTALIDADE DE CRÉDITO	715.000,00	373.000,00	1.088.000,00

Capítulo IV: Transferencias Correntes

Aplicación orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación antes da modificación***	***Incremento***	***Consignación Definitiva***
162/467.00	Recollida e eliminac residuos. Consorcio	50.000,00	41.000,00	91.000,00
	CAPÍTULO IV: TOTALIDADE DE CRÉDITO	50.000,00	41.000,00	91.000,00

Capítulo VI: Inversións reais:

Aplicación orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación antes da modificación***	***Incremento***	***Consignación Definitiva***
342/619.00	Acondicionamento instalacións deportivas	39.724,37	50.000,00	89.724,37
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	39.724,37	50.000,00	89.724,37

TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: 464.000,00 euros

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

a) Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data: 1.285.797,85 euros

Cantidade que se precisa utilizar neste expediente: 464.000,00 euros
Diferencia, cantidade de Remanente sobrante: 821.797,85 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2010 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	**Consignación antes da modificación**	**Aumento**	**Disminuc.**	**Consignación definitiva**
1.- Gastos de persoal	2.143.922,14	0,00	0,00	2.143.922,14
2.- Gastos bens correntes e servic.	2.571.547,06	373.000,00	0,00	2.944.547,06
3.- Gastos financeiros	30.000,00	0,00	0,00	30.000,00
4.- Transferencias correntes	234.500,00	41.000,00	0,00	275.500,00
6.- Inversións reais	3.842.246,50	50.000,00	0,00	3.892.246,50
7.- Transferencias de capital	20.000,00	0,00	0,00	20.000,00
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	40.000,00	0,00	0,00	40.000,00
TOTAIS	**8.904.215,70**	**464.000,00**	**0,00**	**9.368.215,70**

SEGUNDO: *Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó publico durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

TERCEIRO: *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

CUARTO: *Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, 15 de outubro de 2010=A Alcaldesa =Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: no mes de maio xa plantexamos un primeiro suplemento, referido case na súa totalidade a Inversión, con cargo á Remanente; naquel momento soamente setenta mil euros eran para gasto corrente, para atención a persoas dependentes.

Neste momento, a punto de rematar o ano, vémonos na obriga de ter que incrementar partidas de gasto corrente que, ou ben se consignaron dunha forma demasiado xusta no Orzamento, ou producíronse durante o ano circunstancias que fixeron que ó día de hoxe estean esgotadas.

Increméntanse dous centos mil euros na iluminación, tanto na pública como das instalacións municipais. O concello esta a facer proxectos de aforro enerxético, acudindo a diferentes formas de financiamento; recordamos tamén que estamos aínda pendentes do proxecto PEACE da Deputación polo que se cambiarían as luminarias das dependencias municipais, e que segundo a ultima comunicación farase o mes que ven..

O ano pasado a Deputación aprobou unha liña de subvencións, o Plan Anti Crise, que tiña dúas vías, unha era de Inversión, na que meteramos un proxecto de obra, e a outra para financiamento de gasto corrente; nós naquel momento xa o xustificamos con factura de iluminación, co que foron setenta mil euros a maiores que se puideron incrementar. Este ano a Deputación non quitou esa liña de financiamento.

Estamos tamén incrementando trinta mil euros para dependencia; a demanda de usuarios e maior e despois do informe Traballadora Social serían necesarios outros trinta mil antes de rematar o ano.

Corenta mil euros se incrementan para traballos realizados por outras empresas, como é a de limpeza. O contrato coa empresa actual xa rematou, e actualmente estamos cos trámites da nova licitación que sairá en xaneiro do ano que ven. A cargo desta partida van tamén as baixas do persoal municipal, que cando se fixo o Orzamento se pensaba que ía ser o mínimo.

Trinta mil euros na partida de estudos e traballos técnicos, a día de hoxe está en negativo e é necesario encargar xa os proxectos do POS-2011, e algunha dirección de obra pendente. Recordamos que, no seu momento, tanto para as obras do Fondo Estatal deste ano e do POS do ano pasado, había a posibilidade de que o concello incluíse a parte correspondente da dirección de obra e a redacción do proxecto con cargo a esas transferencias do Estado e da Deputación, no seu momento nós non o quixemos facer porque así tiñamos esas partidas exclusivamente para Inversión, o que fai que agora esteamos nunha situación deficitaria.
Houbo tamén facturas de reparacións, tanto de elementos de transporte como de maquinaria que non foron tan altas como as do ano pasado, pero temos unha maquinaria vella. Estamos pendentes da sinatura dun Convenio coa Deputación para mercar maquinaria nova.
Corenta mil euros son as transferencias ó Consorcio; no momento que se fixo o Orzamento había a posibilidade de que se A Coruña entraba a formar parte, a achega do Concello de Bergondo reduciríase. Somos un dos concellos que mellor paga ó Consorcio, pero agora mesmo temos pendente o terceiro trimestre, e o cuarto que se devenga en decembro.
Outra partida destacable son os cincuenta mil euros do acondicionamento de instalacións deportivas que son, como xa se di na Memoria da Alcaldía, para acondicionar os campos de fútbol do Xuncal e de Cortiñán.
A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle e di: outro ano mais que nos encontramos cun Orzamento que non se adaptou á realidade, este é o segundo Suplemento, e xunto co de maio encontrariámonos con case un millón de euros incrementados respecto ás consignacións iniciais.
Hai partidas, como pode ser a iluminación pública, que se incrementan nun cen por cen, pero que xa o ano pasado no Orzamento ía unha consignación inicial de cento vinte mil euros, e houbo que dotar esa partida en suplemento de crédito, entón habendo referencias de anos anteriores outro ano mais vólvenos a pasar o mesmo.
Con respecto á partida de produtos de limpeza e contrato, independentemente o que aludía na Comisión e que volve a comentarnos hoxe, hai baixas de persoal, pero estamos a falar dun incremento dun cincuenta por cento e suponse que a principios de ano ten que haber unha previsión de gasto, parécenos outra partida excesiva.
En relación á reparación de edificios como consecuencia das carencias observadas ó efectuar o acondicionamento na praza do concello, había unha consignación inicial de dous mil euros, hai un suplemento de dez mil euros, suponse que cando se fai o estudo do proxecto xe se van ver estas necesidades, pero cando as cousas se fan mal veñen este tipo de desaxustes.
E, con respecto á partida 342/619, de obras nos campos de fútbol do Xuncal e Cortiñán, quero facerlle unha preguntas, ¿hai dispoñibilidade dos terreos? ¿cambiou algo desde a Comisión Informativa? ¿falouse, ou remitíuselle algún escrito, a Igrexa?.
Sra. alcaldesa: si, remitíuselles un escrito, pero ó día de hoxe non hai resposta.
Sra. voceira: ¿que data se remitiu?.
Sra. alcaldesa: foi posterior á Comisión, creo que o venres.
Sra. voceira: despois de comezar as obras no campo de fútbol. ¿Hai algún motivo de porque non se fixo este escrito antes de comezar as obras?.
Sra. alcaldesa: pola urxencia; era urxente ter un campo de fútbol para que os nenos puideran usalo canto antes, e se tiña a palabra do cura párroco.
Sra. voceira: pero estes actos poderían facerse ó mesmo tempo, iniciar as obras e facer o escrito, non esperar mes e medio
Sra. alcaldesa: poderíase ter feito.
Sra. voceira: por outro lado, ¿fíxose algún tipo de estudo das melloras a realizar por parte dos servizos técnicos municipais?
Sra. alcaldesa: non.

Sra. voceira: ¿dan as medidas de agora, para federar o campo de fútbol de Cortiñán?
Sra. alcaldesa: si, xa o comentamos no seu momento.
Sra. voceira: antes non daban, ¿que se fixo para que deran agora?
Sra. alcaldesa: na sesión que presentaron a Moción, si daban as medidas, foi o que eu lles comentei nese Pleno.
Sra. voceira: eu teño coñecemento de que non daban as medidas do campo de Cortiñán para federalo. ¿Hai un presuposto do alcance destas obras?.
Sra. alcaldesa: van ser contra factura, como xa dixen no seu momento, primeiro no Pleno e o outro día tamén na Comisión.
Sra. voceira: entón, dotouse unha partida de trinta e nove mil setecentos, incrementase en cincuenta mil; encontrámonos con oitenta mil euros pero tampouco sabemos se vai chegar esta cantidade para pagar as obras.
Sra. alcaldesa: si o sabemos, porque xa lle comentei que había unha factura que aínda non estaba comprobada polo servizos técnicos, nin conformada polo concelleiro correspondente; poden ser dúas facturas que chegarán ós cincuenta mil euros.
Sra. voceira: pero as obras están sen rematar, chegarán mais facturas. O peor de todo é que estamos a facer unhas obras nuns terreos dos que, ó día de hoxe, non temos dispoñibilidade e cando veñan as facturas haberá que pagalas, e os concelleiros teremos o compromiso de ver se se pagan; no caso de que sexan fiscalizadas desfavorablemente terán que vir ó Pleno e nós teremos que decidir, haberá un recoñecemento extraxudicial de crédito.
Sra. alcaldesa: non, será un reparo da Intervención.
Sra. voceira: por parte do Partido Popular queremos deixar claro que queremos un campo de fútbol, que sempre estamos a favor, presentamos conxuntamente co Bloque unha Moción, pero cremos que estas non son as formas, que se comezou a casa polo tellado, antes de ter as autorizacións correspondentes, e imos votar desfavorablemente este Suplemento de Crédito, porque non imos quedar condicionados con respecto das obras realizadas nun sitio privado.
Sra. alcaldesa: moi ben, o Partido Popular vota en contra deste Suplemento de Crédito de catrocentos sesenta e catro mil euros, por unha partida de cincuenta mil. Cando o Partido Popular facía as xestións para que o campo de fútbol de Cortiñán fose utilizado polos rapaces, valía; incluso valía simplemente coa palabra do cura párroco, agora non vale.
Moitas veces a Administración, non soamente nesta obra, senón polo ben dos veciños, si se adianta, este ano e o pasado adiantouse nas obras do Fondo Estatal antes de que viñeran as autorizacións, o saben vostedes porque veñen así a Pleno, pero a urxencia fai que as obras se teñan que comezar; e dicir, que aínda que non é unha práctica habitual a veces por razóns de urxencia se ten que comezar unha obra antes de ter as autorizacións.
Ademais eu lle diría que vai ser unha obra que poderá ser usada durante moitos ano por todos os veciños de Bergondo, rapaces ou non.
Sra. voceira: esa é unha valoración súa, non é por escrito, que teñamos a fiabilidade de que ese campo non vai ser dentro de dous meses ou tres retirado, e que non poidan xogar os rapaces.
Volvo a insistir, nós non estamos en contra, si estamos en contra das formas de como se está a facer.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Manuel Fafián Torreiro e di: con respecto a este Suplemento de Crédito, na relación das partidas 165/221 e 920/221, que suman a metade do que se está pedindo, cremos que debería vir avalado por un Plan de Optimización de contención do gasto, detallado en accións concretas; vostede danos supostos que non están pechados e debería traer xa propostas concretas, para ter en conta no Orzamento do 2011, para non ter que ter outro ano outra Modificación de Crédito.
En relación á partida 233/227.12, esperemos que este incremento de trinta mil euros sexa suficiente para atender á lista de espera, que agora mesmo é bastante ampla.

A partida 320/226.14, xa dixemos cando se aprobaron o Orzamento de 2010, que a Xunta pretendía reducir o apoio a esta materia, a previsión foi escasa, e agora temos que incrementar cinco mil euros que é un cuarto do presuposto asignado.
Respecto á partida 450.213. e 214, todos os anos facemos a mesma apreciación, seguimos insistindo en que se debe facer canto antes unha análise do material que se emprega, así como a súa vida útil; levamos tres anos neste concello e vemos como nos Decretos da Alcaldía aparecen facturas de tres mil a catro mil euros sobre material que esta bastante envellecido, que o material novo supón sete ou oito mil euros o custo inicial. A maquinaria esta parada bastante tempo, facendo dous efectos negativos no concello, primeiro que esta parada e ten un gasto de reparación e segundo que non está limpando camiños, por exemplo.
O que si lamentamos é a falta de previsión na partida 920/212, na que, supostamente, uns tubos que non estaban previstos en planos, fan un incremento de dez mil euros nun proxecto que está subvencionado.
En relación coa partida 920/222, estamos nun ano que habería que ter mais en conta os gastos fixos e os gastos en telecomunicacións, increméntanse cinco mil euros en dezaoito mil.
Na partida 342.619, estamos totalmente de acordo con este incremento, xa que os usuarios dos campos de fútbol verán por fin definidos e finalizados uns espazos que estaban demandando que se amañaran.
Con todo isto, entendemos que hai que ser mais eficaces nos orzamentos e nos suplementos de créditos; debemos conter mais os gastos fixos, pero aínda así non se está sendo o suficientemente rigoroso, polo que nós ímonos abster na votación.
Sra. alcaldesa: como xa expliquei no principio, o gasto no alumeado foi xa maior o ano pasado, pero houbo unha subvención da Deputación; este ano contábase con ela, por iso houbo ese fallo na previsión. Estamos preocupados por este tema xa que é un gasto desorbitado, polo que, aparte dos proxectos que estamos a facer, estanse tomando medidas do día a día como pode ser o apagado de luces, pedir proposta de outras empresas comercializadoras de enerxía, e xa empezamos a recibir ofertas que poden supoñer un aforro anual de quince mil euros, que para a economía de Bergondo xa supón unha cifra importante.
En canto á asistencia a dependentes, para o ano o que haberá que contemplar nos orzamentos serán as cantidades que están reflectidas no contrato que se vai asinar.
Respecto á reparación de maquinaria, xa o comentei antes, houbo moitas menos avarías que o ano anterior, pero iso é algo que non se pode prever. Temos un parque de maquinaria vello, e ben toca reparar ou ben poñer os cartos e facer unha inversión importante, este ano fíxose unha pequena a principios de ano e contamos antes de finais poder facer outra.
Sr. voceiro de VB: eu quero insistir neste punto coas avarías que houbo este ano, sobre todo da desbrozadora no verán.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, e di: xa falaron os outros voceiros do tema, pero nós queremos facer especial fincapé no custo do alumeado, tanto do público como dos edificios do concello, para nós hai dúas vías principais no senso de ir racionalizando o gasto; unha delas sería a través da Deputación, estamos nun momento un pouco difícil na cuestión dos contratos, xa que pasamos dun réxime de prezos establecidos polo goberno a un réxime de libre contratación, entón, para os pequenos concellos é difícil facer un estudo, pero a Deputación, que para iso está, xunto con concellos que se queiran adherir, debería facer unha auditoría enerxética cunha empresa especializada. Seguramente hai contratos que non están actualizados, porque, un exemplo, nas iluminacións fanse moitas ampliacións que non constaban no contrato inicial; ese é un camiño que non será inmediato pero que hai que seguir, por outra parte, o tema da eficiencia enerxética nos novos proxectos teranse en conta, pero nos antigos non, entón hai un campo no que se pode tamén conseguir aforros.

Nos proxectos das obras novas que hai agora mesmo, no Casal, en Ouces, e no de Carrio, o técnico que o redacte deberá facer unha proposta de cambio de contrato cos novos datos. Se as luminarias teñen un cincuenta por cento de aforro enerxético, tanto no termo de potencia como de consumo, tense que reflectir no contrato.
En canto ós cincuenta mil euros para a reparación dos campos de fútbol, referímonos a dous campos que están nunha situación ilegal, xa que ningún está contemplado nas Normas Subsidiarias de Planeamento como equipamento deportivo, co agravante de que o de Cortiñán é propiedade privada. Parécenos totalmente improcedente facer obras e que se gaste un diñeiro público, nunha propiedade privada; ademais neste momento non temos ningunha seguridade de que se poida seguir coa dispoñibilidade deses terreos. Na documentación do Plan Xeral que está en tramitación, contemplase ese campo de Cortiñán como dotación deportiva de propiedade privada, non se propón unha expropiación por parte do concello, polo tanto, nós imos votar en contra.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) en contra.
Total: seis (6) votos a favor, **cinco (5) en contra e dúas (2) abstencións.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e cinco minutos, remátase a sesión, de orde da alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez